

ORDENANZA FISCAL NÚM. 113

TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MATADOIRO E CARREXO DE CARNES

ARTIGO 1º. CONCEPTO E OBXECTO

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de matadoiro e carrexo de carnes na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGO

Están obrigados ó pago da taxa regulada nesta ordenanza fiscal, quen se beneficie do servizo, prestado polo Concello, a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º. TARIFAS

A contía destas taxas regularase segundo a seguinte tarifa:

a) SACRIFICIO DE RESES

- Reses vacúas ou equinas	0,17 €/quilo
- Reses porcinas	0,14 €/quilo
- Reses ovinas	2,40 €/res

b) TRANSPORTE

- Reses vacúas, equinas e porcinas	0,06 €/quilo/canal
- Ovino sacrificado	0,71 €/res

ARTIGO 4º. OBRIGACIÓN E FORMA DE PAGO

1. A obrigación de pago da taxa regulada nesta ordenanza, nace dende que se realice o servizo.

2. A cobranza realizarase directamente polo concesionario do servizo.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza fiscal, será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes de rexime local, e subsidiariamente os artigos 6 a 23 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, así como os preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria.

Tamén serán de aplicación directa os preceptos pertinentes da Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 5 de novembro de 2001 e do 26 de decembro de 2007, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2008. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007